

RESUMO DA ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 2 DE XUÑO DE 2006

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**. Desculpa a súa asistencia o Sr. Navarrina Martínez.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dando conta do nomeamento da Sra. Rey Asensio como nova secretaria do Consello Social da Universidade da Coruña, agradecendo publicamente o intenso labor realizado polo Sr. Cabrera Sánchez, secretario do Consello Social da Universidade da Coruña até entón. Igualmente, quere felicitar ao Sr. Navarrina Martínez, profesor doutor da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da nosa universidade, por recibir do Colexio Nacional de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos a medalla ao mérito profesional que a Xunta do citado ente colexial acordou concederlle. Tamén dá conta de que foron seleccionadas dúas teses de doutoramento realizadas na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña para a concesión do premio anual da *European Community on Computational Methods in Applied Sciencia* (ECCOMAS), entre as teses de doutoramento realizadas en España no ano 2005; concretamente a tese “Partículas, volúmenes finitos y mallas no estructuradas: simulación numérica de problemas de dinámica de fluidos”, realizada polo Dr. Luis Cueto-Felgueroso Landeira, dirixida polo Dr. Ignasi Colominas Ezponda, e a tese “An unstructured finite volume model for unsteady turbulent shallow water flow with wt-dry fronts: numerical solver and experimental validation”, realizada polo Dr. Luis Cea Gómez, baixo a dirección do Dr. Jerónimo Puertas Agudo e da Dra. Elena Vázquez Cendón. Finalmente, tamén informa da concesión do Premio Diario de Ferrol á Cátedra Jorge Juan da Universidade de Coruña.

A continuación dá conta dos asuntos tratados no pleno do Consello de Coordinación Universitaria, desenvolvido os días 29 e 30 de maio, centrándose concretamente na presentación que a Sra. Mercedes Cabrera Calvo–Sotelo, Ministra de Educación e Ciencia, fixo do borrador de reforma da Lei orgánica de universidades e dos principais obxectivos perseguidos con este. De igual modo, o Sr. Reitor informa da súa comparecencia, o 11 de maio de 2006, na Comisión de Estudo da Reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia do Parlamento de Galicia, en que considerou oportuno suxerir que no novo Estatuto tamén se considerasen cuestións especificamente universitarias. Remata a súa intervención tratando o tema dos posgraos oficiais e, especificamente, do sistema establecido para a fixación do seu prezo público.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, que comeza a súa intervención informando da incorporación da nova xefa do Servizo de Investigación, Mercedes Varela Doval, o día 4 de maio de 2006, e tamén da constitución da Rede das Unidades de Xestión da Investigación das Universidades Españolas (RedUGI), nunha reunión celebrada en León os días 8 e 9 de maio, á que xa asistiu a nova xefa de servizo. De igual modo, dá conta aos membros do Consello de Goberno de que, tras o escrito recibido da Dirección Xeral de I+D da Xunta de Galicia respecto a próxima convocatoria de prazas do programa Isidro Parga Pondal 2006, enviouse un escrito a todo os investigadores que puidesen estar interesados, e presentáronse na Xunta de Galicia as solicitudes recibidas, ficando algunha pendente de completar datos. A Sra. Vicerreitora tamén considera oportuno sinalar que a FECYT prosegue a iniciativa de creación dun consorcio de bibliotecas a nivel nacional, e agárdase que no cuarto trimestre deste ano comece xa unha proba con recursos electrónicos de distintas editoras. Informa sobre o proxecto de *curriculum vitae* normalizado, propiciado polo Ministerio de Educación e Ciencia, a través do que se pretende elaborar unha base de datos á que poderán acceder as institucións autorizadas. Canto aos fondos destinados á produción científica, infórmase do reparto do 66% destes que corresponden aos méritos dos anos 2002 e 2003, que foron avaliados segundo o baremo entonces vixente, aínda que o reparto económico se fixo xa tendo en conta os grupos de investigación recoñecidos. Igualmente, infórmase da actualización do catálogo de investigación, coa incorporación en 2006 de 5 novos grupos, 5 unidades e 8 investigadores individuais, de tal modo que, con estas incorporacións, os datos totais son: n.º de grupos, 95, n.º de unidades, 29 e investigadores individuais, 60.

A Sra. Vicerreitora de Investigación tamén dá conta da nova composición da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación, e do procedemento de elección dos seus membros seguido para tales efectos, despois de agradecer publicamente o labor realizado polos anteriores membros desta comisión (sinaladamente, os profesores José M.^a Quintela, Esperanza Cerdán e Darío Prada, ademáis do técnico dos SAI Jorge Otero Canabal, que continua como representante nesta nova comisión). No relativo á avaliación da produción científica, a Sra. Vicerreitora alude ao Criterio 1, respecto ás revistas tipo B, do baremo aprobado en Consello de Goberno do 4 de novembro de 2005 (en que se indica literalmente que “a relación de bases de datos poderá ser actualizada pola Comisión de Investigación, que informará ao Consello de Goberno dos cambios que se produzan e o publicara na páxina web da Vicerreitoría”), para indicar que se recibiron varias propostas de inclusión e que a Comisión de Investigación acordou, na súa reunión do 3 de abril de 2006, a inclusión da base de datos (Math-Di) ZENTRALBLATT FÜR DIDAKTIC DER MATHEMATIC, e na súa reunión do 15 de maio de 2006, a inclusión das bases de datos IME e IBECS. Sempre en temas de avaliación, tamén se dá conta do crecente interese nos temas de avaliación da investigación, mencionándose neste sentido o caso da ANEP, que xa ten elaborado un documento sobre criterios para o mérito tecnolóxico. Este interese reflíctese concretamente no profundo debate sobre a avaliación da investigación (indicadores, tipos de avaliación, obxectivos), e detéctase un grande

interese nas distintas institucións tanto a nivel europeo, estatal ou autonómico relacionado coa avaliación da investigación, mais non só a nivel individual ou de proxectos senón das unidades encargadas de as realizar (departamentos, centros de investigación, institutos, grupos etc).

Conclúe a súa intervención informando de que, proximamente, o director xeral de I+D presentará na UDC o Plano Xeral de I+D 2006-2010 para explicar as novidades e clarexar as dúbidas que os investigadores poidan formular, e tamén que, unha vez aprobado o Estatuto do persoal investigador en formación (EPIF), se están a pasar a contratos as bolsas FPI e FPU daqueles bolseiros que xa levan máis de dous anos como tales, aínda que se trata dunha conversión que presenta algúns problemas, precisamente por se rexistraren certas lagoas no decreto e inconsistencias co Estatuto dos traballadores, que implican atrancos en toda as universidades e nos centros públicos de investigación e que tratan de solucionarse co Ministerio.

Despois de rematar a intervención da Sra. Vicerreitora de Investigación, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da posta en marcha para este ano da avaliación docente, explicando detalladamente aos membros do Consello de Goberno as súas principais características, en especial as relacionadas co historial de avaliación. Tamén dá conta da presentación pública que se fixo no Paraninfo da nosa universidade, o pasado día 25 de maio, dos programas oficiais de posgraos e mestrados da Universidade da Coruña, en que se contou coa presenza do Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o Sr. José Ramón Leis Fidalgo, e do Director da Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o Sr. Julio Ernesto Abalde Alonso. Igualmente, informa da fase actual do procedemento aberto pola convocatoria de contratos programa e, sempre co fin de mellorar a atención que debe prestarlle ás persoas usuarias dos distintos servizos da Universidade da Coruña, do proceso de avaliación que está a realizar dos servizos da nosa Universidade. Finalmente, remata a súa intervención explicando como a través da unidade de ensino non universitario do CUFIE se tenta incentivar o establecemento de relacións entre profesores universitarios e profesores de Bacharelato, tendo en conta os intereses comúns que teñen a Universidade da Coruña e os centros de ensino de Bacharelato.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa que, o día 10 de maio, se constituíu a Fundación Enerxética Provincial da Coruña, tendo lugar a continuación a reunión inicial do Padroado. Neste padroado participan a Deputación Provincial da Coruña, cuxo presidente é o presidente da Fundación, os concellos de Cerceda e das Pontes de García Rodríguez, SOGAMA, FENOSA, Caixa Galicia, CaixaNova, ENDESA, INEGA e as universidades da Coruña e de Santiago de Compostela. A finalidade desta Fundación, que ten a súa sede física no Concello das Pontes de García Rodríguez, é a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa que, desde a anterior sesión do Consello de Goberno, se

imputaron ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2005 por importe de 176.014, 57 euros, de acordo co parágrafo primeiro da base novena.2 dos orzamentos.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2006

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do día 2 de maio de 2006.

3. CONVENIOS E CONTRATOS

O Sr. Secretario Xeral informa dos 18 convenios que figuran no **anexo II**, clasificados en convenios marco (1), convenios específicos (9) e convenios para prácticas (8).

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

4. MESTRADOS, POSGRAOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa das propostas de modificación e de nova implantación dos mestrados, posgraos e cursos de especialización.

Despois dunha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Vidal Romaní, Recuero Astray, Naveira Fachal, Casabella López e Núñez Sal, **aprobáanse** por asentimento tales propostas de modificación e nova implantación, aínda que no caso concreto do Curso de Posgraos en Interpretación do Patrimonio Natural e Cultural a súa aprobación queda condicionada ao seu cambio de denominación, sempre co fin de axustalo ao seu contido.

5. NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, DE CUALIFICACIÓNS E DE RECLAMACIÓNS.

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica, despois de explicar detalladamente o proceso de elaboración desta normativa e o seu contido, somete á consideración dos membros do Consello de Goberno a normativa en cuestión, para a súa discusión e, se proceder, a súa aprobación, non sen antes agradecer publicamente o traballo realizado no citado proceso de elaboración polos membros da Comisión de Organización Académica.

Ábrese unha quenda de intervencións en que interveñen os Sres. Vidal Romaní, Casteleiro Maldonado (que presenta unha relación de suxestións que figura na acta), Soraluce Blond, Fernández Cervantes, Recuero Astray, Rodríguez Fernández, González López, Puertas Agudo, González Veira, as Sras. Candedo Gunturiz, Grela Barreiro, Canosa Ferreiro e Rodríguez Amoroso, e tamén os Sres. Rodríguez Gayán, Dopico

Calvo e Valderruten Vidal, ademais do Sres. Reitor, Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, Vicerreitor de Estudantes e Secretario Xeral e da Sra. Vicerreitora de Organización Académica.

A normativa académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións, coas modificacións acordadas durante a quenda de intervencións, **apróbbase** por asentimento tal e como figura no **anexo III**.

6. OFERTA DE MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN PARA O CURSO 2006/2007

Apróbbase por asentimento a oferta de materias de libre elección para o curso académico 2006/2007, despois da intervención da Sra. Vicerreitora de Organización Académica para explicar o seu contido.

7. PROPOSTA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DIPLOMADO, ARQUITECTO TÉCNICO, ENXEÑEIRO TÉCNICO, LICENCIADO, ARQUITECTO E ENXEÑEIRO DO CURSO 2004/2005

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica dá conta da relación de proposta de premios extraordinarios de Diplomado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto e Enxeñeiro correspondentes ao curso académico 2004/2005.

A relación en cuestión, que figura no **anexo IV**, resulta **aprobada** por asentimento polos membros do Consello de Goberno.

8. MODIFICACIÓN DO PLANO DE ESTUDOS DE GRADUADO EN AVIACIÓN COMERCIAL

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica propón aos membros do Consello de Goberno adiar para outra sesión do Consello de Goberno este punto da orde do día, sobre modificación no plano de estudos de Graduado en Aviación Comercial, para que poida ser tratado máis especificamente, tendo en conta que o cambio proposto ten como fin facer que tal plano de estudos sexa máis atractivo e axeitado.

A proposta da Sra. Vicerreitora de Organización Académica **apróbbase** por asentimento.

9. REGULAMENTOS INTERNOS DOS DPTOS. DE DEREITO PÚBLICO, GALEGO-PORTUGUÉS, FRANCÉS E LINGÜÍSTICA, CIENCIAS DA SAÚDE E FILOLOXÍA INGLESA

Os regulamentos internos dos departamentos de Dereito Público, Galego-Portugués, Francés e Lingüística, Ciencias da Saúde e Filoloxía Inglesa, cuxos textos se atopan no **anexo V**, **apróbanse** por asentimento.

9. ROLDA ABERTA DE INTERVENCIONS

O Sr. Vidal Romaní pide a palabra para solicitar que se adopten as medidas necesarias que correspondan para poñer fin aos problemas que se presentan co transporte público no apeadoiro existente na chamada “Casa do Francés”. Igualmente, solicita unha nova rotulación que garanta o acceso sen problemas aos Campus de Eviña e da Zapateira.

O Sr. Cao Abad intervén para solicitar que se resolvan os problemas actualmente existentes que impiden o acceso á Facultade de Informática a través do sistema de tarxeta.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15.00 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do Sr. Presidente.

Vº e praxe

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

José María Barja Pérez

Xosé Manuel Carril Vázquez